



DATOS IDENTIFICATIVOS

Psicología: Psicología básica

Materia	Psicología: Psicología básica			
Código	O05G220V01103			
Titulación	Grao en Traballo Social			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Análise e intervención psicosocioeducativa			
Coordinador/a	González Fernández, Antonio			
Profesorado	González Fernández, Antonio Vázquez Figueiredo, María José			
Correo-e	aglez@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Esta materia representa unha introducción aos procesos psicolóxicos básicos, como percepción, atención, aprendizaxe, memoria, emocións ou motivacións.			

Competencias de titulación

Código	
A1	Traballar e valorar de xeito conxunto con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades as súas necesidades, limitacións, dificultades, malestares e circunstancias
A2	Analizar situacións sociais obxecto de intervención, planificar, desenvolver, executar, revisar e avaliar a práctica do traballo social con persoas, familias, grupos, organizacións, e comunidades e con outros profesionais
A3	Traballar coas persoas para que sexan autosuficientes e con capacidade para manifestar as súas necesidades, desexos, puntos de vista e circunstancias
A7	Establecer relacións profesionais co fin de identificar a forma máis adecuada de intervención
A8	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas achega das súas necesidades, circunstancias, riscos, opcións preferentes e recursos, considerando a diversidade cultural -e polo tanto a especificidade das minorías étnicas, culturais, lingüísticas...-, a esixencia de promover a igualdade entre homes e mulleres, a necesidade de tender cara a unha sociedade ambientalmente sustentable e de defender os valores da paz
A11	Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios, para promover o desenvolvemento dos mesmos e para mellorar as súas condicións de vida por medio da utilización dos métodos e modelos de Traballo Social, facendo un seguimento con regularidade dos cambios que se producen co fin de preparar a finalización da intervención
A14	Promover o crecemento, desenvolvemento e independencia das persoas identificando as oportunidades para formar e crear grupos, utilizando a programación e as dinámicas de grupos para o crecemento individual e o fortalecemento das habilidades de relación interpersoal; en especial con colectivos con diversidade multicultural (inmigración, emigración de retorno, minorías étnicas...) e coas mulleres, tendo en conta a súa marxinación historicamente condicionada no ámbito da participación social-cultural e nos órganos de decisión e poder (empowerment)
A15	Traballar cos comportamentos que representan un risco para o sistema cliente identificando e avaliando as situacións e circunstancias que configuran o devandito comportamento e elaborando estratexias de modificación dos mesmos
A20	Preparar e participar nas reunións de toma de decisións co fin de defender mellor os intereses das persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Capacidade de organización e planificación
B3	Capacidade reflexiva
B8	Capacidade de xestión da información
B9	Resolución de problemas
B10	Toma de decisións
B11	Traballo en e con equipos diversos
B14	Habilidades nas relacións interpersoais
B16	Razoamento crítico

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1. Coñecer os procesos e os elementos fundamentais que configuran o comportamento humano e a perspectiva psicolóxica sobre eles.	A1 A7 A11 A14	B1 B2 B8 B11 B14 B16 B18
2. Analizar e utilizar o coñecemento actual para mellorar a práctica nos marcos de traballo.	A2 A3 A11 A14 A20	B1 B18
3. Interactuar con persoas, familias, grupos, organizacións e comunidades para conseguir cambios e melloras nas súas condicións de vida.	A1 A11	B9 B10 B11 B16
4. Promover o crecemento, o desenvolvemento e a independencia das persoas.	A1 A2 A3 A11	B8 B10 B11
5. Intervir con persoas e grupos para axudarlles a tomar decisións ben fundamentadas.	A1 A8 A11	B3 B9 B10 B11 B18 B20
6. Traballar con comportamentos que representan un risco para os posibles usuarios, identificando circunstancias que configuran eses comportamentos e elaborando estratexias que os modifiquen.	A2 A15	B1 B10 B16 B18

Contidos

Tema	
1. O comportamento humano: perspectiva psicolóxica.	Obxecto da psicoloxía. Perspectivas psicolóxicas. Ramas da psicoloxía.
2. Sensación, percepción e atención	Sensación e percepción. Detección de estímulos. Procesamento. Atención.
3. Memoria	Modelos de memoria. Sistemas de memoria. Estratexias de memoria. Olvido.
4. Aprendizaxe	Condicionamento clásico e instrumental. Outras formas de aprendizaxe humano.
5. Pensamento e intelixencia.	Razonamento. Creatividade. Intelixencia: modelos.
6. Linguaxe	Actividade lingüística. Linguaxe escrito e oral. Comunicación non verbal.
7. Motivación	Evaluación. Modelos.
8. Emoción e estrés.	Emoción e regulación das emocións. Estrés e afrontamento.
9. Deterioro cognitivo normal e patolóxico.	Envellecemento. Deterioro da memoria. Demencias.
10. Psicoloxía da personalidade	Estructura. Xenética e ambiente. Modelos e teorías.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	22	11	33
Seminarios	15	0	15
Traballos tutelados	0	20	20
Titoría en grupo	8	8	16
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	61	65
Outras	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Sesión maxistral	Exposición xeral, por parte do profesor, dos contidos da materia e das bases teóricas e/ou directrices do traballo a desenvolver polo estudiantado. As derradeiras sesións dedicaranse ás exposicións, por parte do alumnado, dos seus traballos individuais ou en grupo.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico. Empregaranse como complemento das sesións maxistrais. Consistirán na revisión de diferentes materiais (tests, programas de intervención etc.) relacionados cos temas explicados previamente.
Traballos tutelados	O/A estudante, de xeito individual ou en grupo de 2-4 membros, elaborará un documento sobre un tema específico da materia. Trátase dunha actividade autónoma do alumnado que inclúe a elección do tema, a procura e a recollida de información, a lectura e o manexo de bibliografía, a elaboración dun esquema do traballo, o resumo da información, a redacción dos apartados, a revisión etc.
Titoría en grupo	Entrevistas que o/a alumno/a ou grupo mantén co profesor da materia para o asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia (especialmente o traballo tutelado) e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Seminarios	A atención personalizada será de dous tipos: 1. Na aula, durante as sesións de titorías de grupo pequeno. 2. No despacho do profesor, en horario de titoría. Ademais, o alumnado poderá comunicarse co profesor sempre que o necesite a través do correo electrónico ou da plataforma Tem@.
Titoría en grupo	A atención personalizada será de dous tipos: 1. Na aula, durante as sesións de titorías de grupo pequeno. 2. No despacho do profesor, en horario de titoría. Ademais, o alumnado poderá comunicarse co profesor sempre que o necesite a través do correo electrónico ou da plataforma Tem@.
Traballos tutelados	A atención personalizada será de dous tipos: 1. Na aula, durante as sesións de titorías de grupo pequeno. 2. No despacho do profesor, en horario de titoría. Ademais, o alumnado poderá comunicarse co profesor sempre que o necesite a través do correo electrónico ou da plataforma Tem@.

Avaliación		
	Descrición	Cualificación
Seminarios	Serán sesións máis prácticas onde se verán diferentes materiais (textos orixinais dos autores, tests, programas de intervención, videos etc.) relacionados coas temáticas da materia. Farase un control da asistencia.	20
Traballos tutelados	O alumnado realizará 1 traballo, individual ou en grupo, que será tutelados nas sesións de Pequeno Grupo (con control de asistencia). Estes traballos serán expostos ao Gran Grupo nas derradeiras sesións maxistrais (con control de asistencia).	20
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	Exame escrito, con respostas de desenvolvemento (5-10 liñas), sobre o temario. Serán arredor de 10 preguntas. Para aprobar a materia é necesario obter, polo menos, un 50% da nota total neste apartado.	50
Outras	Exame oral (optativo) do traballo individual ou grupal e dunha metade do temario. Será obrigatorio para o alumnado que aspire a Matrícula de Honra e para o non presencial.	10

Outros comentarios sobre a Avaliación

1. Para os asistentes: (presencialidade nos seminarios e nas titorías de grupo pequeno arredor do 75 %):

O exame escrito, para o alumnado asistente, poderá facer por parciais (2) a medida que se vaia explicando o temario.

2. Para os non asistentes

O **examen escrito** (obrigatorio) de toda a materia do temario será o día estipulado para o exame final (tablón de anuncios e páxina Web de la Facultade). O tipo de exame será idéntico ao dos asistentes: unhas 10-15 preguntas con resposta de desenrolo (5-10 liñas). Contará o 60% da calificación final.

O **exame oral** será obrigatorio. Versará sobre a metade do temario e sobre o traballo. Contará o 20% da nota.

O resto da calificación (20%) outorgarase polo **traballo tutelado**. Este traballo deberá estar iniciado, polo menos, 2 meses antes do exame final e será titorizado polo profesor (polos medios que sexa) **de forma periódica**. Comunicaráselle ao profesor (e recibírase a confirmación del relativa a) os seguintes pasos: tema, bibliografía utilizada, esquema, borrador e traballo final.

Para a convocatoria de xullo, guardaráselle (no caso de telos superados) a puntuación dos seminarios, do traballo tutelado e do exame.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía básica,

Ballesteros, S. y García, B. (1996), **Procesos psicológicos básicos.**,

Mestre, J. M. y Palmero, F. (2004)., **Procesos psicológicos básicos,**

Santiago, J., Tornay, F y Gómez, E. (1999)., **Procesos psicológicos básicos,**

Bibliografía complementaria,

Crespo León, A. (1998)., **Psicología general. Memoria, pensamiento y lenguaje.**,

Froufe, M. (2004)., **Aprendizaje asociativo.**,

Reeve, J. (1994)., **Motivación y emoción,**

Smith, E., Nolen, S., Frderickson, B. y Loftus, G. (2003)., **Introducción a la psicología.**,

No "Laboratorio de Tests", situado no 2º andar do Edificio de Ferro, atópanse diferentes instrumentos de avaliación e programas de intervención que se utilizarán e se revisarán nos seminarios.

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Habilidades sociais e de comunicación do traballo social/O05G220V01402

Psicoloxía: Desenvolvemento humano no ciclo vital/O05G220V01301

Psicoloxía: Psicoloxía social/O05G220V01303

Outros comentarios

Recoméndase:

1. Ler o material básico correspondente (apuntamentos) antes de asistir ás exposicións maxistras da aula.
 2. Iniciar canto antes o traballo de investigación, seguindo as directrices recibidas nas titorizacións establecidas.
 3. Estudar o material básico de forma continuada, sen deixalo todo para a semana anterior ao exame.
 4. Plantexarlle ao profesor tódalas preguntas/consultas que se considere necesario en cada momento, referidas ao temario, ás prácticas, ao traballo, etc.
-